



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

CASA DO CONCELLO, 28 de decembro de 2023

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario accidental, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Alberto Rey Paz

Asisten: Brais Prieto Verdial, Rocio Martinez Martinez, Maria Dolores Pita Anca, Julián Blanco Rodriguez, Maria Amalia Diaz Rodriguez, Dario Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñon e Diego Graña Pérez

Ausencias: Ningunha

Secretario – interventor accidental: César Yáñez Carballeira

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta do pleno ordinario do 30 de outubro de 2023

Procédese á votación da acta do pleno ordinario do 30 de outubro co seguinte resultado:
Votos a favor: 9 do Alcalde Alberto Rey Paz, e dos concelleiros María Amalia Díaz Rodríguez, Darío Santalla López, Jose Manuel Luaces Piñón, Diego Graña Pérez, Brais Prieto Vidal, Rocío Martínez Martínez, María de los Dolores Pita Anca e Julián Blanco Rodríguez.

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

2. Relación de Decretos da Alcaldía para dar conta no pleno ordinario de outubro.

Deuse conta dos seguintes decretos que figuran na relación que se achega:

Núm.	Fecha	Asunto
278	25-10-23	Tramitación de Subvenciones Programa de socorrismo dirixido a concellos do interior da provincia exercicio 2024 (fo023b)
279	26-10-23	Convocatoria Pleno ordinario 30/10/2023
280	27-10-23	Aprobación, se procede, da relación de facturas F/2023/2
282	30-10-23	Contrato menor adquisición de dous espellos e un poste. Corrección de erros do decreto expediente número 2023/G003/000301



283	30-10-23	Modificación Presupuestaria - transferencia de crédito entre partidas da mesma área de gasto
284	31-10-23	FO206/2024 Programa de subvencións a concellos para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura
285	31-10-23	Nóminas do mes de outubro de 2023 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, e aprobación dos seguros sociais correspondentes ao mes de setembro de 2023.
286	06-11-23	FOPPSS/2024 Programa de financiación dos Servizos Sociais comunitarios municipais
287	06-11-23	Contrato menor para o alugueiro de maquinaria
288	09-11-23	Relación de recibos correspondentes ó mes de outubro do 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
289	06-11-23	Solicitude de subvención para mantemento do persoal técnico en animación sociocultural
290	08-11-23	Solicitude de autorización para usar o baixo de Os Casás para unha xuntanza particular
291	09-11-23	Aprobación pago custos seguridade social Juan José Pérez Fernández Convenio Valdoviño-Cerdido.
292	06-11-23	Contrato menor dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra: Reforzo do alumeado deportivo no campo de fútbol
293	06-11-23	Contrato servizo de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Camiño da Vila da Igrexa a". Agader 2023
294	06-11-23	Contratación dirección de obra e coordinación seguridade e saúde da obra: Acceso a guelle e outro. AGADER 2023
295	06-11-23	Servicio para a dirección de obra y coordinación de seguridade y saúde de camiño de Sete a Casaldaia (POS+ 2022)
296	10-11-23	Servicio para a dirección de obra y coordinación de seguridade y saúde de camiño de camiño Piñeiro Vila da Igrexa (Cerdido) (POS+ 2022 Complementario)
297	13-11-23	Abono traballos extraordinarios e custo seguridade social do persoal do convenio co Concello de Valdoviño (horas extras e custo seguridade social Natalia Salgado Vázquez).
298	13-11-23	Solicitude de axuda no fogar de Marina Graña Bellón
299	13-11-23	Solicitude de subvención para mantemento do persoal técnico en animación sociocultural
300	15-11-23	Contrato menor control de calidade das obras Agader 2023-24
301	15-11-23	DE401C Certificación nº 1 contrato reforzo do alumeado deportivo do campo de fútbol de A Barqueira
302	15-11-23	Solicitude Servicio Axuda no Fogar de Constantina Armada García
303	10-11-23	Adxudicación obra Camiño Piñeiro-Vila da Igrexa (Cerdido) (POS+AD2b-



		OBRASSUM/2022)
304	15-11-23	Contrato Menor aprobación do proxecto da obra: Camiño Vila da Igrexa a lugar do Río (Cerdido) e outro Camiño da Chaíña a Rediz (Cerdido) Financiado por AGADER 23-24
305	15-11-23	Contrato Menor : Camiño Vila da Igrexa a lugar do Río (Cerdido) e outro Camiño da Chaíña a Rediz (Cerdido) Financiado por AGADER 23-24
306	15-11-23	Contrato Menor aprobación proxecto de obra Camiño de acceso a Guelle (a Barqueira) e outro financiado por: AGADER 2023-2024
307	15-11-23	Contrato Menor de obra Camiño de acceso a Guelle (a Barqueira) e outro financiado por: AGADER 2023-2024
308	15-11-23	FOPPSS/2024 Programa de financiación dos Servizos Sociais comunitarios municipais
309	16-11-23	Reintegro non xustificado da achega provincial prepagable. POS+Adicional 1-gasto social corrente/2022
310	17-11-23	Corrección de erros no decreto de contratación da dirección da obra Camiño acceso a Guelle (A Barqueira) e outro. Agader 2023-24
311	17-11-23	Corrección de erros no decreto de adxudicación da obra Vila da Igrexa a lugar de Río e outro. AGADER 2023-24
312	17-11-23	Corrección de erros no decreto de adxudicación da obra Camiño de acceso a Guelle (A Barqueira) e outro. AGADER 2023-24
313	17-11-23	Corrección de erros no decreto de dirección da obra Camiño de Vila da Igrexa a lugar de Río e outro. AGADER 2023-24
314	20-11-23	Convocatoria III concurso de pinchos "Saborea Cerdido" 2023
315	27-11-23	Aprobación plan de seguridade e saúde contrato menor de obra Camiño de acceso a Guelle (a Barqueira) e outro financiado por: AGADER 2023-2024
316	27-11-23	Aprobación plan de seguridade e saúde contrato menor : Camiño Vila da Igrexa a lugar do Río (Cerdido) e outro Camiño da Chaíña a Rediz (Cerdido) financiado por AGADER 23-24
317	21-11-23	Contrato menor de Servizo para a dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde de Mellora do espazo libre nos Casás
318	28-11-23	Nóminas do mes de novembro de 2023 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, e aprobación dos seguros sociais correspondentes ao mes de outubro de 2023.
319	28-11-23	Modificación presupuestaria - Transferencia de créditos para gastos de persoal entre distintas áreas de gasto.
320	29-11-23	Autoliquidación taxas expediente DH.W15.97166. actuacións en infraestrutura, mantemento/mellora rede viaria pública no lugar de Villa de la Iglesia
321	29-11-23	Contratación de obras Mellora de espazo nos Casas POS 2022 Abreviado sumarísimo



Concello de Cerdido
As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



322	01-12-23	Aprobación do abono das horas extraordinarias realizadas no ano 2022 polas traballadoras do servizo de axuda no fogar, así como das realizadas nos anos 2022 e 2023 pola traballadora María del Mar Caneiro Pérez.
323	04-12-23	Aprobación Oferta Emprego Público (OEP) 2023-Praza de administrativo (Tesourería)
324	04-12-23	Solicitud de Brais Prieto Verdial, acceso ás facturas dos pagos efectuados á persoa que se encarga do servizo de madrugadores no CEIP A Barqueira.
325	04-12-23	Contratación de obras Mellora de espazo nos Casas POS 2022 Abreviado sumarísimo
326	07-12-23	Contrato menor para a adquisición de materiais para o mantemento do paseo do río Pontellas
327	07-12-23	Contrato menor para o servizo de actividade extraescolar de patinaxe
328	11-12-23	Aprobación, se procede, da Certificación nº1 da obra Camiño Vila da Igrexa a lugar do Río (Cerdido) e da Certificación nº1 da obra Camiño de acceso a Guelle (A Barqueira).
329	12-12-23	Relación de recibos correspondentes ó mes de outubro do 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
330	12-12-23	Contrato menor mixto para o deseño de carteis, cabezais e bocas e impresión de vinilos e lonas. Proxecto "Dotación de puntos limpos de proximidade no Concello de Cerdido". Anualidade 2023
331	12-12-23	Contrato servizo de madrugadores 1 mes
332	12-12-23	Nova data de acceso ás facturas dos pagos efectuados á persoa que se encarga do servizo de madrugadores no CEIP A Barqueira.
333	13-12-23	Solicitud de servizo axuda no fogar de Mercedes Fernández Fernández
334	14-12-23	Delegación especial de competencia para celebrar matrimonio civil
335	15-12-23	Notificación e proposta de resolución IRPF 2021: JVCV
336	15-12-23	Contrato menor mixto de subministro e servizos para a extratexia de xestión de bioresiduos 2023-2024. Composteiros
337	15-12-23	Aprobación, se procede, da relación de facturas F/2023/3.
338	15-12-23	Anulación de transferencia de crédito 2023/T004/000004
339	18-12-23	Modificación Presupuestaria Transferencia de crédito entre partidas da mesma área de gasto.
340	20-12-23	Nóminas e paga extra do mes de decembro de 2023 do persoal funcionario, laboral e con dedicación exclusiva do Concello de Cerdido, e aprobación dos seguros sociais correspondentes ao mes de novembro de 2023.
341	20-12-23	Modificación Presupuestaria Transferencia de crédito entre partidas da mesma área de gasto



D. Brais Prieto pregunta polo decreto 286, relativo á modificación orzamentaria - transferencia de crédito entre partidas da mesma área de gasto. O Alcalde di que foi para facer os pagos de diversas subvencións, nóminas e gastos de kilometraxa.

D. Brais Prieto pregunta polo decreto 287, sobre o contrato menor para o alugueiro de maquinaria. O Alcalde resposta que alugouse unha retroexcavadora para facer unha zanja para o abastecemento de auga en Piñeiro a Penadovico.

D. Brais Prieto pregunta polo decreto 292, se o contrato da obrade reforzo do alumeado deportivo no campo de fútbol está sen empezar. O Alcalde aclara que é un contrato de dúas anualidades e que no ano 2023 fíxose o acopio de material e o resto rematarase no ano 2024.

3. Rogos e preguntas

- D^a. Rocío Martínez pregunta por que non está aprobado o orzamento, dado que foi unha pregunta reiterativa da oposición na pasada lexislatura.

O Alcalde di que se está a traballar na súa redacción.

D^a. Rocío Martínez di que na pasada lexislatura o actual Alcalde consideraba un erro no ter aprobados os presupostos.

O Alcalde responde que é o mesmo erro, e que nos dous últimos anos o presuposto foi prorrogado.

D^a. Amalia Diaz fai notar que houbo un cambio de Secretaria no concello.

D. Julián Blanco di que non ten que ver que a secretaria sexa nova, e houbo tempo para facelos

D. Diego Graña engade que coa nova secretaria non é igual que en anos anteriores pero que é parecido.

D^a. Rocío Martínez di que é consciente da situación.

O Alcalde di que se ten previsto aprobar o presuposto nos vindeiros tres meses.

- D. Brais Prieto pregunta sobre o muro caído do campo de fútbol, detrás das gradas

O Alcalde responde que se está esperando un presuposto e que Estudio Técnico Gallego xa tomou as medidas e que se intentará incluír o gasto nunha subvención.

- D. Brais Prieto pregunta sobre o concurso de pinchos, que inicialmente participaban cinco bares e logo solo catro, e máis pola coincidencia no día coa festa do maior no Castro

D^a. Maria Amalia Diaz di que non houbo coincidencia coa festa do maior dado que foron horarios distintos.

D. Dario Santalla engade que era ese día ou non facelo e o Alcalde que non é a súa culpa que se borrara un bar, e se tiña que acordar a data con todos os locais.

- D. Julián Blanco pregunta sobre se a piscina foi amañada e iniciará as actividades a primeiros de ano.

O Alcalde responde que aínda non están listos os pregos e que estes se encargaron a mesma empresa que redactou os pregos para a Casa da Cultura.

- D. Julián Blanco pregunta sobre as subvencións que pode pedir o concello relativas á adquisición dun vehículo para o persoal do servizo de axuda a domicilio, técnico de deportes e técnico en animación sociocultural.



Concello de Cerdido
As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



O Alcalde responde que non ten moito sentido pedir un vehículo para todas as auxiliares , e que xa fora pedido un vehículo adaptado por D. Benigno e no se concedeu a subvención por falta de puntos de concorrencia.

D. Julián Blanco di que poderíase ter o vehículo para mellorar as condicións das traballadoras e D^a. Rocío Martínez engade que poderíase usar en situacións de urxencia.

O Alcalde indica que os gastos do vehículo non compensan para telo parado ou para un día o ano.

D. Brais Prieto indica que tamén están as subvencións para técnicos en cultura e deporte.

O Alcalde di que xa temos subvención para técnico de cultura.

D. Jose Manuel Luaces engade que faltan recursos para contratación de máis persoal.

O Alcalde di que non hai suficiente movemento en deportes que xustifique un técnico deportivo e que se ten contratada unha administrativa de servizos sociais a través do POS gastos sociais.

- D. Brais Prieto pregunta sobre se se dará uso á biblioteca .

O Alcalde responde que se vai a reformar a casa da cultura e daráselle os usos establecidos nas bases da subvención.

- D^a Dolores Pita pregunta sobre se se acabará o arranxo do patio do colexio e se o solo de corcho será o máis adecuado.

O Alcalde responde que lle parece adecuado dado que é gratis.

D. Rocío Martínez di que non lle parece ben e que é moi mellorable.

D^a. Amalia Diaz di que se consultou con profesores e pais e que están contentos coa reforma e que é verdade que todo é mellorable.

O Alcalde di que se preguntou ós profesores e que estaban de acordo co novo solo.

D. Brais Prieto di que aínda falta a cuberta do patio.

O Alcalde indica que se amañaron as goteiras que había por falta de limpeza dos canalóns. Que levaban anos sen limpar e causaban inundacións no patio

D. Dolores Pita di que as goteiras eran por un problema de condensación e que aínda as hai,

D. Dario Santalla di que a condensación no causaba semellantes inundacións.

- Por último o Alcalde comenta que se recibiron dúas sentenzas relativas o pago da produtividade do ano 2022 favorables a dous funcionarios, e que xunto co pago de ata un máximo de 400 € de costas por cada unha vaille supoñer ó concello aproximadamente 6.000 €. Logo que o concello xa perdeu tamén dous xuízos correspondentes á produtividade do ano 2021, e que aínda falta pagar esa mesma produtividade do ano 2023, farase o pago da mesma sen esperar a que ditos funcionarios teñan que volver a demandar ó concello. Engade tamén que o concello tivo que reintegrar máis de 23.000 € que non se xustificaron no mes de marzo.

E, non habendo mais asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20:50 do día 28 de decembro do 2023, do que eu como secretario accidental dou fe.